

Novoa Galicia

**número 25
1º y 2º trimestre
1974**

REVISTA CULTURAL Y POLITICA

MINISTERIO DE CULTURA

NOVA GALICIA

ano : 1974

nn. 25 y 26

sumario

- Editorial..... 3
- Catro etapas da L.G.E. 6
- No día das Letras Galegas (Homaxe a Viqueira) 9
- Portugal: Unha revolución política (entrevista con Santiago ALVAREZ)..... 11
- Portugal. Programa do Goberno: Fundamentos de una nova política..... 21
- Valle Inclán visto por Xesús Alonso MONTERO (Conferencia en Xeneba)..... 30
- La democracia formal y la democracia real en el Partido.. 53
- Os curro futuro para la pesca de bajura o artesanal en Galicia..... 57
- Idioma galego e confusionismo..... 60
- DOCUMENTOS:
- Los estudiantes a la sociedad gallega..... 64
- Carta de los familiares de los presos políticos de Pontevedra al Obispo de Tuy-Vigo..... 67
- Carta de los presos políticos de Pontevedra a la Jefatura provincial de Sanidad de Pontevedra..... 69
- Carta de los presos políticos de Pontevedra a la Dirección General de Instituciones Penitenciarias..... 71
- Por un potente movimiento campesino..... 75

Editor responsable:

M. ALBERT CONINCK
37, Jan Verbertief
EDEGEM - BELGIQUE

MINISTERIO
DE CULTURA



EDITORIAL

Na Galicia estase producindo unha visible reactivación da loita contra a política represiva e antisocial da ditadura e o seu propio sistema político. Opérase no sector obreiro, no campo, nos medios intelectuais e profesionais e, de modo moi especial, no sector estudiantil —dende o ensino medio, profesional e técnico hastra a Universidade— tendo como bandeira a acción contra a seletividade, contra a represión académica e policial, por un ensino científico e democrático.

As causas de fondo desa oposición cada vez mais largacia e radical contra a ditadura, son ben coñecidas. Están na flagrante contradición eistente entre o conxunto da sociedade española que eixe un desenrolo nacional moderno e democrático e un réximen anacrónico, feixista, que impide ese desenrolo. Esa contradición adquire mais agudos caracteres cando se trata dunha nacionalidade como a nosa, oprimida e asoballada no político, discriminada no cultural, esplotada e espoliada, como unha semicolonía no orden social e económico.

As razóns mais inmediatas da nova situación háchanse na descomposición da propia ditadura, acelerada co gallo da morte de Carrero Blanco; na crise económica que atravesa España e que golpea de modo especial á nosa "rexión"; no feito que baixo o continuismo de Xoan Carlos que é o que ofrece o presente sistema político, non hai posibilidade algunha de que se resolvan os agudos problemas que vive o país sinon que polo contrario, a perspeitiva é que sigan agravándose. A caída da ditadura en Portugal incidiu nese proceso socio-político, acelerándoo a ollos vistas.

As diversas accións e loitas tanto económico-sociais como as que teñen de por sí unha mais clara motivación política, conflúen ouxetivamente nun punto: na necesidade de acabar coa ditadura feixista, de conquistar a liberdade política, de abrir a vía da democracia, lograr o dereito de autodeterminación nacional e, como primeiro e importante paso cara a esa gran conquista, a autonomía pra Galicia.

Esa confluencia ouxetiva debe transformarse nunha converxencia conscente, fruto da necesaria reflesión subxetiva. Realizar esa empresa compi te a tódalas forzas políticas da oposición, pra o cal é necesario reforzar e ampliar ó máisimo a unidade xa lograda. As forzas ou grupos que xaderon proba de concencia e comprensión de que na unidá está a forza que ha de acabar co presente sistema, haberán de ser, neste caso tamén, as que tomen a iniciativa.

Estamos no intre en que a oposición galega debe reforzar a aición xeneral da oposición do conxunto do Estado español, incorporándose ós organismos unitarios que ésta está a crear. Esta é a hora de que, o propio tempo, fortalezcamos, cabe suliñalo de novo, a dinámica unitaria da mentada oposición con vistas a aición aínda mais forte, largacia e vencellada en Galicia mesma.

Dita aición pode e debe ter como direuta e inmediata motivación a protesta contra a galopante carestía da vida, que afeutando ós obreiros e as masas populares, afeuta tamén á maoría da nosa sociedade. Pero esa movilización ten tamén como bandeira a loita polas libertades.

A perspeitiva debe ser que a xeneralización da nosa aición, vencellada á dos demais pobos de España, transformese en folga xeneral e, dese modo, nunha gran batalla pola libertá. Non hai tempo que perder no camiñar cara a eses ouxetivos.

Tampouco hai tempo que perder pra que as forzas galegas de oposición se fagan notar públicamente no plano político. O clamor popular, cada vez mais xeneral, de que é necesario acabar coa ditadura, que son urxentes as libertades políticas e nacionais, debe ter nos partidos e grupos políticos así coma nas personalidades que se definen a favor da libertá, a súa necesaria resposta.

No contesto xeneral do Estado español os feitos de Portugal viñeron a acelerar a dinámica unitaria das forzas de oposición. Esa dinámica fará posible a creación dun centro catalizador e levará muy pronto, e de modo inevitable, a ofrecer públicamente unha alternativa democrática responsable e global ó presente sistema político. É unha necesidá imperiosa que as forzas de oposición de Galicia estean preparadas pra incorporarse a ese centro e participar na elaboración desa alternativa cos sua propia personalidade. O mesmo tempo é urxente tamén que apoiándose nun senso xeneral e no Estatuto plebiscitado en 1936 preparen a necesaria e eventual variante desa alternativa pra Galicia. Un Programa político e unha Xunta de Goberno que será a nivel da nacionalidá o que será a nivel de España.

un programa de conxunto e o establecemento dun Goberno Provisional de reconciliación. Este promulgará a amnistía e as liberdades democráticas e convocará eliciós a Cortes Constituentes pra que elabouren a nova carta fundamental do Estado.

Entre as forzas da oposición de Cataluña i Euzkadi, as duas nacionalidades que coa nosa carecen dos dereitos nacionais polos que vimos loitando, eisiste xa un acordo de consulta mútua. A perspeitiva é de que ese acordo se faga mais amplo e se chegue a aítuar cun criterio común en canto se refire as liberdades nacionais no contexto dun futuro Estado democrático. Suscribir ese acordo, incorporarse a esa acción política mancomunada: Velahí pra tódalas forzas da oposición democrática galega outra -- gran tarefa de realización inmediata.

Galicia non debe, non pode quedar e non quedará nesa gran e dobre empresa desfasada. Polo presente, que eisixe acabar coa ditadura e conseguir a libertá, pero tamén polo noso futuro democrático e nacional.

25 de Maio de 1.974



CATRO ETAPAS DA L.G.E.

A aparición da LGE ten un dobre enderezo:

No fundamental pretende a rentabilización económica e socio-política da Universidade pra a Oligarquía, a súa adecuación ás novas necesidades do Capital monopolista de Estado. É, por esto, unha lei dirixida contra dos intereses de amplias capas da poboación española, acentuando no ensino o carácter antidemocrático e crasista do Réximen de Franco.

Mais, ao mesmo tempo, é un esforzo demagóxico de cara á opinión española e internacional; o patente alonxamento da realidade española de algúns dos seus oxetivos progresivos -p.e. ensino gratuito- debido ao carácter do desenrolo económico-social forzado pola ditadura, fai que os ditos oxetivos non trascendan alén do papel.

O intento de apricar a lei da marco a segunda etapa. Coa Universidade-ocupada pola Forza Pública, a Oligarquía dase todas as facilidades pra silenciar a crítica e a alternativa estudiantil á súa lei. Non o logrará, pero sí provoca un profundo caos. Ao tempo que estoupa con toda a súa forza a loita universitaria, grande parte da sociedade española comprende e se enfrenta ao carácter reaccionario da lei. Xurde a incoherencia na súa aplicación, algúns aspetos abandónanse, outros son paralizados pola resistencia-estudiantil, algúns conquiren ser aplicados...

Un novo Ministerio abre a terceira etapa. Con Julio Rodriguez chégase ao grande esforzo da crase domeñante por impor os aspetos mais represivos e mais destrutivos pra o M.E. da LGE. Xa non se trata soio de rentabilizar, trátase de esmagar a Universidade política e revolucionaria. É a "via prusiana" de introdución dos planes de estudo (ciclos, selectividade...), do "Mumerus Clausus", do novo calendario, das Universiades "espalladas". É a degradación do ensino -no seu senso totalizador-, levadas ás súas derradeiras consecuencias. Trátase así de valeirar a Universidade de estudantes, con esamens de entrada, con suspensos masivos, etc. ou ben, por abolloamen

to, demostrando aos universitarios que o ensino que hoxe se imparte nas aulas ...non serve pra nada! Trátase, ao cabo, de debilitar, de dividir, de "aloxar fisicamente" ao Movemento Estudantil.

A carta etapa é o intento de aplicación da LGE, á que se instaura a partir da crise producida pola desaparición de Carrero e a entrada no Ministerio de Educación y Ciencia do "aperturista" Martínez Esteruelas.

Está craro que as esperanzas postas no novo Goberno por amplios sectores do país se veron defraudadas, malia a súa curta existencia. Dende o discurso de toma de posesión do policía Arias, hastra o calificado "histórico discurso" ante as Cortes do 12 de Febreiro, certos sectores do país veron no novo Goberno o intento do Réximen de evolucionar sobre as súas propias estruturas cara a formas máis "democráticas" que preparaban a solución continuista despois da desaparición do ditador. Os feitos encargáronse de demostrar que isto non era máis que "vanas ilusiones". O asesiⁿato do militante anarquista catalán, o caso Añoveros, a incesante escala da dos precios e a incapacidade do Goberno pra controlala, así como o aumento da represión, única resposta ante o ascenso dos movementos populares e democráticos que lembran os peores anos da posguerra, son unha mostra crara da verdadeira face do Réximen, máis que éste intenta tapalo con decraracións demagóxicas de aperturismo.

En materia educativa non houbo ningunha excepción, se ben o novo ministro comenzou o seu mandato conha ofensiva que intentaba gañarse sectores abandonados pola política ultra do ministro Julio Rodríguez. Lémbrese a convocatoria de varios milleiros de prazas pra profesores adxuntos, nun intento pra integrar ao profesorado no numerario, o levantamento dos expedientes en Valencia, etc.

Dende estos primeiros pasos hastra o decreto de seletividade, primeiro como tal, e despois percurando o refrendo das Cortes, é decir, unha aparencia máis democrática. O desconcerto e a improvisación en materia educativa tense ido acentuando.

Trátase co novo proieto de seletividade en COU de privar a 130.000 novos estudantes que agudizarían inda máis a crise da Universidade franquista e do sistema educativo en xeral, crise que é o refrexo dunha máis xeral, dunha crise social que se concreta na contradición existente entre as necesidades de desenrolo pra a nosa sociedade, e a utilización e explotación do aparato educativo en contra dos intereses populares. E, pola outra banda, unha mostra crara da incapacidade do Réximen pra implantar a LGE antre a resistencia do movemento estudantil e demais sectores popula-

res, implantación que necesitaría unha serie de reformas, sistema tributario, canalización diferente dos intereses da burguesía, etc. e que a ditadura é incapaz de levar a cabo.

(De "FOLGA", organización universitaria do Partido Comunista de Galicia.)



MINISTERIO
DE CULTURA

no día das letras galegas

homaxe a Viqueira

Este ano o día das Letras Galegas está dedicado a Xoan Vicente Viqueira.

Dende que no 1.963 a "Real Academia Gallega" decidiu instituír o día - 17 de Maio, centenario da publicación do libro de Rosalía de Castro "Canta res Gallegos", coma día das Letras Galegas, pasaron xa once anos.

Perante este tempo o días das nosas letras foille dedicado a Castelao, Pondal, Añón, Curros Enríquez, López Cuevillas, Noriega Varela, Valladares, López Abento, Lamas Carvajal e Lago González relevantes figuras da nosa -- cultura. A dedicación deste ano a Viqueira amplía o cuadro.

Xoan Vicente Viqueira, que naceu en Madrid en 1.886 e morreu en 1.924 - en Bergondo (Cruña) foi pedagogo e filósofo. Alumno da famosa "Institución Libre de Enseñanza", estudou en París, na Sorbona, e tamén en Alemaña -- donde foi pensionado pola Xunta de Ampliación de Estudos. Ademais de desempeñar cátedras no Instituto de 2º ensino de Santiago e da Cruña, cultivou a poesía e a prosa galegas escribindo en galego diversas obras referidas ó ensino.

No seu libro "Informe Dramático sobre la Lengua Gallega", Xesús ALONSO MONTERO dí de Viqueira:

"Quien de verdad inaugura la exploración del tema de un modo ambicioso, es decir, importante, fué Xoan Vicente Viqueira (1886-1924). He aquí los - títulos de algunos trabajos y su cronología: "O Galego na Escola" (1917) - "A Nosa Escola" (1917) "(Os) Nossos Problemas Educativos" (1918) y "Da re- nascencia Lingüística" (1919). Viqueira, educado en la Institución Libre - de Enseñanza muy cerca siempre de don Francisco Giner y de don Bartolomé - Cossio, profesor, psicólogo y conocedor de las novedades del pensamiento - europeo, fué una presencia extraordinaria en las filas de la cultura galle - ga, con frecuencia un tanto provincianas. Aportó también a nuestra cultura

una cierta dimensión socialista, patente, por exemplo, en su ensayo "Nacionalismo e Socialismo..."

Viqueira é autor doutros libros coma "La Enseñanza de la Psicología - en las Universidades Alemanas", "Introducción a la Psicología Pedagógica", "Un Nuevo Factor de Identificación", "Psicología Infantil", "Etica y Metafísica", etc. deixando inéditas outras obras e traducións do alemán.

Contrariamente a certas opinións, como a emitida por un conferenciante galego fai uns días en Barcelona, Xoan Vicente Viqueira, como o testemuña a súa laboureira "Sintin unha fonda e continuada preocupación polos problemas de Galicia" foi un militante galeguista activo, sendo un tempo presidente da Irmandade Galega da Fala.

O que sucede é que para a loita galeguista achábase vencellada o desexo de corrixir as irritantes desigualdades sociais, polo cal o seu galeguismo, as súas ideas galeguistas, non estaban en contradición coas ideas socialistas sinón que, por contra, atopaba nestas un complemento das mesmas.

O rendirlle este sinxelo homaxe, facémonos solidarios do acordo da "Real Academia Gallega", e dos homaxes que lle rindiron as forzas da cultura e largos sectores do noso pobo. Coelo queremos ofrecerlle tamén a proba da nosa estimación e do noso respecto aos seus familiares, algúns dos cales, como milleiros dos nosos, hábanse esiliados e por mor diso espallados aínda polo mundo, cando tanto queren a Galicia.

- - - - - oOo - - - - -

portugal: unha revolución política

(Entrevista con Santiago ALVAREZ, despois do seu viaxe o país veciño e irman)

P.- Na tua visita a Portugal ¿qué é o que máis che impresionou?

R.- É difícil contestar a esta pregunta de modo preciso. Non é fácil - facer unha separación entre fenómenos que teñen unha íntima concatenación - o percibir ou analizar os cales as causas e os efectos aparecen transformándose mutuamente. Era tan grande a hipoteca histórico-política que sobor do pobo portugués facía recaer casi medio século de ditadura feixista, tan terrible o engranaxe da PIDE que agora, o liberarse, da a impresión coma si lle houbesen sacado de encima unha louxa de plomo. Por iso cando cheguei a Portugal pareceume que o pobo portugués cambiou incluso de fisonomía física; vino máis alegre, máis outimista, "ollando" con plena seguridade o seu futuro.

Ademais desa impresión, que non creo simple apreciación subxetiva, o que máis me chamou a atención é a tranquilidá, a normalidá, o orden, con que transcurren a vida político-social do país, despois do cambio. Impresiona a firme decisión do movemento das forzas armadas, da clase obreira, do conxunto da sociedade, de cimentar a vida nacional sobor bases democráticas e de poñer termo á guerra colonial. O que é moi impresionante tamén é o fantástico renacer do movemento obreiro e popular e a explosión reivindicativa das masas, a cal de todos modos, aparece vencellada a unha gran consciencia de que da proba a clase obreira. Isto non soio puiden comprobalo o falar cos máisimos dirixentes do P. Comunista irmán, sinon con sinxelos militantes e outras xentes, entre éstas universitarios, obreiros, campesinos, empregados, etc. etc.

P.- ¿Cómo caracterizarías o Movemento das forzas armadas portuguesas?.

R.- Nun artículo escrito pra N.B., antes da miña saída pra Portugal, falei dese movemento coma dun movemento democrático e patriótico. Coido que esa denominación é bastante acertada e coincidente no esencial coa -- dos nosos amigos portugueses. Estos subraían que se trata dun movemento democrático revolucionario; un movemento surxido pola base co desexo de conquistar mellores condicións de vida e do exercicio das funcións militares, pero aue asumiu despois novos aspectos, evidentemente políticos, hastra -- chegar a plantexarse a sublevación contra o poder feixista e o seu derrocamento coas consecuencias xa coñecidas. É claro que o do 25 de Abril non foi un golpe de Estado o estilo tradicional.

P.- E ¿sobre as causas de fondo dese movemento?

R.- As raíces dese movemento, os seus orixenes, residen nas mesmas -- causas que baixo a ditadura feixista levaron a Portugal a unha situación -- que pouco antes do 25 de Abril e desde dentro mesmo do Exército caracteri -- zábase de "depresiva, angustiante, humillante, desprestigiante interna y externamente e inhibidora". O propio 25 de Abril a Comisión Executiva do Partido Comunista portugués, o falar do cuadro político-social en que ti -- ña lugar o movemento que xa había estoupado, señalaba que habendo surxido "como consecuencia da crisis do réximen e da oposición á guerra colonial, había tomado rápidamente amplitud pasando a aitar directamente polo de -- rrumbamento do goberno".

É evidente o impauto que na toma de conciencia dos xóvenes capitás e maiores que integran o avandito movemento tivo a guerra colonial e a loita dos pobos sometidos o colonialismo portugués, pola súa independencia. Pero non o é menos a crisis profunda do réximen e a loita obreira e popular no Portugal mesmo.

Esto último coido que serve de esperencia no noso caso, cando estamos vivindo xa unha gran crisis política nacional, eisiste un impresionante -- movemento de masas e un desexo irresistible da sociedade española e por su -- posto da galega de conquistar a libértá.

P.- ¿Contribuie o pobo portugués o ouxetivo de encauzar a vida demo -- crática?.

R.- Si, con decisión e entusiasmo. O que é revelador do aillamento en que vivía o poder ditatorial derrocado e do consenso popular, nacional, -- universal, diría eu, en torno o novo poder político.

Neste aspecto todo está cambiando, todo está en plena ewullición ou --

evolución. O desmantelamento da superestructura política feixista vaise -
sustituindo ca organización democrática, tanto a nivel da vida pública, do
Estado -anque hastra a Constituyente trátase dun poder provisional- como -
das organizaciós políticas, sindicais, sociais, cívicas. Barrendo co --
corporativismo, todo se cimenta sobor da base da libertá, da decisión de-
mocrática das masas. Trátase realmente dunha verdadeira e profunda revolu-
ción política. Hoxe por hoxe coído que a mentada revolución concorda co -
que requiren as eisixencias nacionais, as circunstancias en que se reali-
zou o cambio de poder e o que está previsto no Programa democrático e pa-
triótico do movemento das forzas armadas. Pero -subraio de novo- trátase-
dunha revolución totalmente incruenta, realizada na paz e o orden mais --
perfeutos.

P.- Esos cambios ¿tamén ocorren no campo?

R.- Incluso no campo. Para a poboación agraria a caída da ditadura --
foi unha sorpresa, pero hoxe estase poñendo en marcha un movemento que re-
vela o gran despertar da conciencia campesina. Así as chamadas Casas do Po-
bo (Centros corporativos feixistas) están sendo depuradas e nos seus loca-
les instálanse direicións democráticas. No Sur latifundista (donde o prole-
tariado agrícola predomina) créanse sindicatos agrícolas. No Norte donde
abunda mais a pequena e modesta propiedá, créanse asociaciós libres de --
agricultores. E así estanse depurando as Xuntas Agrarias e outros organis-
mos creados pola ditadura.

P.- ¿Cal é o papel das forzas políticas que actuaban clandestinamente?

R.- A contribución do pobo a cimentación da nova vida democrática é -
posible gracias o vieiro aberto polo movemento das forzas armadas. Pero -
tamén pola misión histórica cumprida polas vangardas políticas que viñan-
aituando xa baixo a ditadura. O seu papel na mobilización das masas o 25
de Abril respaldando ao movemento, fundíndose coel, foi fundamental pra -
lograr certas conquistas inmediatas, como por exemplo as medidas contra a
PIDE -D.G.S.-, a libertá de tódolos presos políticos, etc. etc.

A impresionante mobilización obreira e popular realizada o primeiro -
de Maio consolidou e ampliou o campo de acción que pra estas forzas foi -
aberto o 25 de Abril, sirvindo de apoio ademais a tódolos que dentro do
movemento das forzas armadas teñen unha conciencia mais clara de que o rum-
bo que é preciso seguir debe estar fundado na alianza das forzas democrá-
ticas do pobo e o seu propio movemento.

Neste senso merece especial mención o P.C. portugués. Coñecedor do mo

vimento militar chamou as masas a salir a rua o 25 de Abril no seu apoio e hoxe é unha das fundamentais garantías da nova situación política. Eo, asimismo, naturalmente, o Partido Socialista. No seu plano é moi importante tamén o Movimento Democrático Portugués (antigua Comisión Electoral Democrática).

Todas estas forzas contribuíen decisivamente a construír a nova vida democrática. A súa presenza na area política, a súa situación, a súa norma de conducta, non somentes reviste capital importancia pras clases sociais que as integran, sinon pra toda a vida nacional, pros intereses fundamentais do país xa que o cometido de organizar e orientar as masas do pobo que están desempeñando é realmente trascendental. De non existir esas forzas naide podería desempeñar ese cometido, o que representaría un enorme e peligroso vacío.

P.- ¿Poderías completar esa idea?.

R.- Quero decir que sin que esas forzas xogasen ese papel o novo rumbo aberto polo movemento das forzas armadas podería desviarse, non ser o mesmo. Os partidos burgueses de signo democrático, que non existían clandestinamente, e que soio agora comencan a aparecer, non poderían desempeñar a misión que desempeñaron o 25 de Abril e seguintes, e que están desempeñando aitualmente, esas forzas democráticas.

Esa misión tampouco a podía desempeñar a Eirexa portuguesa, a pesares do seu gran peso ideolóxico e moral entre o pobo, porque, coa salvedá do Bispo de Oporto que foi unha esceución e dun certo movemento de curas xóvenes, conciliares, a Eirexa como institución, estivo comprometida totalmente e hastra o final, coa ditadura salazarista e soio agora ten en conta os novos feitos.

A vista desa realidade portuguesa, destaca moito mais a incongruencia de que a parte mais intelixente e dinámica da burguesía española, e polo que lle compete a galega, que xa ve o feixismo agotado e non lle crea mais que obstáculos e que a liberdade é inevitable, non presione con mais forza a favor desa liberdade, e concretamente en pro da legalidá do Partido Comunista e doutras forzas democráticas, así coma do movemento de CC. OO.

P.- ¿Non queres decir algo sobor do Movemento Obreiro Portugués?.

R.- No movemento obreiro portugués capitalizase hoxe unha longa loita reivindicativa e democrática, entre a que destaca a levada a cabo de Outubro de 1973 a Xaneiro de 1974, en que houbo en loita 100.000 obreiros, e

unha laboura de decenios da vangarda. A partir do aproveitamento das posibilidades legais, os homes mais combativos e honestos, que xa foron eleixidos polos traballadores pras direicións dos sindicatos (esto en Portugal era posible) dirixen hoxe o movemento obreiro. Este caracterízase pola --sua unidá, a consciencia do papel que lle incumbe nestos momentos a clase-obreira.

O día 26 de Abril os traballadores tomaron tódolos sindicatos espulsando as direicións feixistas, alí donde as había. Estas non puideron resistir ou non resistiron, salvo no sindicato de choferes.

E o movemento sindical restructurouse de modo unitario tendo como pilares os dous grandes sindicatos: Unión de Sindicatos de Oporto, e os "Sindicatos do Sur". Sobre esa base i algún outro sindicato creouse unha inter sindical, ou sexa un órgano unitario e central que representa os traballadores a nivel nacional que son o redor dun millón. O secretariado desintersindical foi xa elexido. A súa estratexia é a unidá, unha sola central sindical, a non afiliación a ningunha internacional e o mantemento de boas relacións con todas. Nun documento esa propia intersindical definiu así a súa linia:

"A estratexia sindical debe... basarse na organización sólida dos traballadores, na súa acción coordinada e unitaria con tódalas forzas anti-feixistas, pra o afondamento das liberdades democráticas co fin de construír e consolidar un Estado Democrático. Esta estratexia é produto do momento político que comenzou o 25 de Abril e que irá, polo menos, hastra o fin do Goberno Provisional".

P.- ¿Cal é a tua impresión sobor os grupos esquerdistas?

R.- O chegar a Lisboa si un se orientase polos letreiros nas paredes parecería que os grupíños chamados marxistas-leninistas e troskistas teñen gran ascendencia, xa que por todas partes hai moitos letreiros pintados por esos grupos. Emporiso, a influencia desos grupos e marxinal e a súa incidencia nos movementos de masas obreiro; estudiantil, etc. moi escasa. A súa táctica aitual consiste en atacar sobor todo o Partido Comunista e crear problemas o novo poder democrático, o cal revela o contraproducente e erróneo da súa linia táctica. É preciso engadir que esta é sempre derrotada incluso no movemento estudiantil.

Eso non é obstáculo pra que, dada a libertá eisistente hoxe en Portugal, esos grupos se lancen a veces a manifestarse o centro de Lisboa. O facer o ouxeto fundamental dos seus ataques o Partido Comunista, o crear-

lle problemas o novo poder democrático, independentemente de cal sexa a -
sua voluntá subxetiva, ouxetivamente fanlle o xogo á reacción. A partir -
dunha conceución teórica da revolución, abstracta, dogmática, que non ten
en conta a realidá, a verdadeira correlación de forzas; o non saber valo-
rar e sopesar o momento do proceso revolucionario que vive Portugal, esos
grupos -aínda admitindo que todo o fagan de boa fé- prestan un flaco ser-
vicio -e o menos- que se pode dicir- á revolución. Si a súa táctica se im-
puxese, si chegase a imperar, Portugal podería volver a caer moi pronto -
baixo outra ditadura, probablemente militar. Afortunadamente eso non suce-
derá.

P.- ¿Que dí o pobo respecto a PIDE?.

R.- A PIDE había concitado contra de sí o odio universal, incluído o
do Exército ó cal tamén espiaba. Este odio percíbese nada máis chegar a
Lisboa. Todo o mundo fala da ex-PIDE. Hoxe é interesantísimo observar có-
mo cando salen os xornás coas fotos dos que aínda non se presentaron, as
xentes agrúpanse no metro, nos paradeiros dos autobuses, pra ver si reco-
ñecen a algún dos fotografiados e facilitar a laboura das autoridades.

E que a PIDE era un aparello infernal do crimen, a tortura, o espiona-
xe e a soplonería; un verdadeiro Estado dentro doutro Estado. En canto o
seu número danse diversas cifras. "O Século", do 17 de Maio ofrece a que,
hastra agora, parece ser a esauta: 22.800 membros efeutivos, con 200.000-
"colaboradores" dos dous sesos. Pois o gran recurso desta xestapo espe-
cial, non eran soio os seus efeutivos sinon a rede de "informadores" que-
facía vivir o pobo en constante angustia. Hai que ter en conta que todo-
o Exército portugués, a pesares da guerra colonial, veu comprendendo -
(1966 á 1971) 220.000 homes, sendo por tanto a PIDE casi máis numerosa. -
Pero... o final todo ese aparello policíaco derrumbouse. E máis, esa xi-
gantesca telaraña represiva non puido impedir que miles de comunistas e
outros patriotas se hachasen xa durante a ditadura o fronte do movimeto-
obreiro, estudiantil, popular. As ditaduras e as PIDES aparecen e desapa-
recen e os comunistas, fillos do pobo quedan, coma quedan os pobos. Os po-
bos son sempre inmortales.

P.- ¿Qué peligros poden amenazar a situación democrática portuguesa?.

R.- Na via de depurar o antigo Estado feixista, non todo está, nin -
moito menos, logrado. Hai moitos engranaxes do Estado en que perdura o ve-
llo, o anterior, nos cales a reacción está enquistada e pervive. Eso esta-
dentro da lóxica do pouco tempo transcurrido e das circunstancias. No pro-
pio Exército a depuración únicamente alcanzou a 60 dos xenerales máis -

reacionarios que foron colocados na reserva, anque xa iso de por sí é moi importante. Dende o lado da reacción dos monopolios eisiste, por tanto, - sempre un peligro. Este seguirá eisistindo bastante tempo.

Doutra parte, os grupiños extremistas a que acabo de referirme, con esa táctica, poderían nun momento dado representar un certo peligro. Sobor todo si neles se cobixan, e a esperencia dí que pode ser e veñe sendo así, elementos reacionarios e provocadores que si non son desenmascarados poden embaucar a certos seutores atrasados da poboación a presentar eisixen cias imposibles de satisfacer nesta etapa.

Mais considero que a mellor garantía de que se consolide a nova democracia en Portugal radica no "consensu" popular con que conta, no apoio xeneral do pobo, por responder a unha necesidade do momento histórico-político do país; radica no caraiter do movemento das forzas armadas que fi xo posible esa nova realidade; na eisistencia organizada do movemento - - obreiro e das forzas democráticas xa mentadas, e na alianza real entre -- esas forzas democrático-populares e o movemento das forzas armadas. Por iso eu son a ese respecto plenamente outimista.

P.- ¿Cales son os maiores problemas que ten que resolver o novo poder en Portugal?.

R.- A maoría do pobo é conscente de que á vez que se asentan as bases políticas de democracia e pra que ésta se consolide fai falta resolver o problema nacional esencial da hora presente: a guerra colonial. Solución- que pra os pobos hastra agora sometidos siñifica o aceso á autodetermina- ción e a independencia e que teñen dereito. Resolver ese problema e a con- dición "si na quo non" da democracia en Portugal. Pero cara a esa solu- - ción déronse xa pasos importantes e coído que se darán decisivos.

O outro problema e o social: maiores salarios, elevar o nivel de vida- das masas, o que xa se está facendo en gran medida. Todo elo evitando a vez que se esfonde a economía, extraordinariamente débil e agotada por -- culpa da ditadura. Pra solución dos aspectos mais apremiantes deste pro- blema xa o Goberno provisional adoutou medidas moi importantes aituando - dacordo, no fundamental, co movemento sindical da propia clase obreira.

Cando eisiste libertá, posibilidá de diálogo e de participación do po bo nos asuntos do Estado non hai problema, por grave que sexa, incluído o social, que non poida resolverse. E isto é o que pasará en Portugal.

P.- ¿Quixeras decir unhas palabras mais sobor o Partido Comunista ir- man?.

R.- Xa me referin o papel que desempeñou e está desempeñando. O seu prestixio popular e nacional é moi grande. En poucos días alcanzou, según me dixeron os camaradas, 100.000 militantes. Exerce unha influencia decisiva no movemento obreiro e estudiantil e ten peso entre os intelectuales e influencia tamén entre as masas do campo. Os seus líderes, especialmente o camarada Alvaro Cunhal, gozan dun prestixio nacional ben merecido. Non é casual que tanto Soares e o Partido Socialista coma os políticos de Centro e os militares demócratas mais intelixentes, haxan plantexado reiteradamente que os comunistas debían formar parte do Goberno Provisional.

A súa trajetoria política, a historia dos seus homes, plena de abnegación, de espírito de sacrificio, de entrega á causa do pobo e da nación portuguesa, dos pobos oprimidos polo colonialismo portugués, a súa influencia de masas, a súa linea unitaria, situaron nestos momentos o P.C. portugués no centro da vida nacional. E o Partido dos héroes e dos mártires da loita contra a ditadura, e iso é un unapreciable capital político. Vendo o que é hoxe o P.C. portugués un non pode deixar de pensar no que será moi pronto o Partido Comunista de España e, no seu contexto propio o que será o P.C. de Galicia.

P.- ¿Qué impresiós tes da aitude do pobo portugués hacia o pobo galego?

R.- Superando atavismos históricos que a reacción, tanto española como portuguesa, tratou sempre de reavivar e que os dous fascismos utilizaron pra aillarnos, coido que por parte do pobo portugués eisiste cara ó conxunto dos pobos de España un sentimento de respecto que, por outra parte, sémlame mútuo, e un desexo de que se estreiten mais os nosos vencellos, as nosas relaciós. Hastra agora, pola eisistencia das duas ditaduras a ambos lados da "linia" estatal, esas relaciós viñeron sendo moi limitadas. É necesario que iso se acabe. Penso que isto lograrase mais plenamente cando os pobos do Estado español disfrutemos tamén de libertá, de democracia. Pero dende agora mesmo esas relaciós deben intensificarse.

Ese sentimento xeneral do pobo portugués é mais visible, si cabe, cando se trata do pobo galego. As razóns son obvias: está o orixen común da nosa língoa e, a partir desa realidade e de factores xeográficos e históricos do noso común acerbo cultural, un maior contauto do pobo portugués co noso que nos outros pobo do "noso" Estado. Entre o Norte de Portugal e Galicia eisistiu toda a vida, pesia o feixismo, unha forte interrelación. No plano cultural a intelectualidá galega mais progresiva sempre mantuvo contautos, intercambios coa intelectualidá portuguesa liberal democrática

e revolucionaria. Non é casual que falando cos universitarios de Lisboa - apareceran entre eles bastantes fillos de galegos, e que parolando cos inteleituales de Oporto, os nomes de Xesús Alonso Montero, Neira Vilas, Diaz Pardo, Celso Emilio, Manuel María, Quesada, Tovar e outros dos novos valores da cultura galega, haxan sido repetidamente mentados.

Engadirei que estimo que ese contauto entre os homes da cultura ven - representando un fautor moi positivo na relación entre os nosos dous po - bos. Ademais de que esta relación se intensifique ao máisimo, é preciso - dar a coñecer entre o pobo galego as vicesitudes históricas do pobo por - tugues e do seu aporte a civilización mundial e moi particularmente as -- suas tradicións revolucionarias.

P.- ¿Queres decir algo mais aos leutores de Nova Galicia?

R.- Sí. Que posto que no pobo galego exerce enorme impauto o feito de que Portugal haxa conquistado a libertá, iso debera servir pra que as for - zas galegas de oposición teñan mais iniciativa, se mostren mais dinámicas. E non me refiro eiquí o dinamismo social, que é evidente. Ahí están pra - demostralo as aicións da clase obreira como a última encol do conflito con Barreras, e impresionante loita estudiantil e dos enseñantes, as batallas (porque son verdadeiras batallas) das mariscadoras; as aicións dos labre -- gos promovidas por un abanico de cuestións que van dende o aixerencia de maiores precios pros seus produtos hastra a protesta dos veciños das Por - tas polo embalse que asulaga as suas terras, o que acaban de facer agora - os veciños de Fontey, en Valdeorras, por mor dun anaco de pista de enlace, relacionada coas obras dos accesos a Galicia, e que lles perxudicaba. (Por certo que a mobilización campesina e cidadana levada a cabo neste caso e a constancia de que diron proba hastra trunfar, merece se felicite os ve - ciños de Fontey).

No me refiro, digo; a estos problemas nin tampouco o esforzo de profe - sionales e inteleituales en defensa da nosa cultura e doutros intereses - de Galicia que é moi evidente e sobor do cal podían citarse moitos exem - plos. Refírome ao feito que as forzas, os grupos políticos de oposición - a pesares dos esforzos do Partido Comunista de Galicia- non acaban de fa - cerse notar debidamente no plano político. Particularmente aparecendo pú - blicamente unidos, pronunciándose por acabar coa ditadura e a favor das - libertades políticas, da autonomía de Galicia e do dereito de autodetermi - nación pra o pobo galego.

Eisiste unha dinámica das forzas de oposición no contesto xeneral do Estado español, que precisamente o feito de Portugal acelerou enormemente.

Mais as forzas de oposición galega corren o perigo de non verse insertas nesa dinámica, de quedar desfasadas. Si eso pasase, non somentes esas forzas, como grupos políticos, se verían afeutadas. O feito tamén podía afectar á loita presente e hastra moi gravemente ó futuro democrático de Galicia. En realidade, non existe ningunha razón pra que eso pase xa que o aporte do pobo galego a loita contra a ditadura é moi evidente, particularmente nos derradeiros anos. Por fortuna, parece que nas últimas semanas as cousas están millorando sensiblemente neste senso. E si a posibilidade de chegar a un acordo cimentando unha largacia unidade de tódalas forzas galegas da oposición contra a ditadura se fai realidade, cambiaría moi pronto e totalmente a dinámica política na nosa nacionalidade.

25 de maio de 1.974

--- o0o ---



MINISTERIO
DE CULTURA

portugal

programa do governo

A vitória alcançada pelo Movimento das Forças Armadas Portuguesas, destituindo o regime que não soube identificar-se com a vontade do povo à - - qual impediu todas as vias democráticas de expressão, permite definir os - - princípios básicos que esperamos contribuíam de modo decisivo para a resolução da grande crise nacional.

Em execução desses princípios, compete ao Governo Provisório:

- Lançar os fundamentos de uma nova política económica, posta ao serviço do povo português, em particular das camadas da população até agora - - mais desfavorecidas;

- Adoptar uma nova política social que, em todos os domínios, tenha como objectivo a defesa dos interesses das classes trabalhadoras e o aumento progressivo, mas acelerado, da qualidade de vida de todos os portugueses;

- Promover um inquérito a todos os abusos do Poder, atentados contra os direitos dos cidadãos ou práticas de corrupção, acerca dos quais sejam - - apresentadas queixas ou dos quais haja notícia, publicando-se as suas conclusões e entregando-se aos tribunais comuns o julgamento das culpas que - - vierem a ser apuradas;

- Manter, em materia de política externa, activa adesão aos princípios da independência e igualdade entre os Estados e de não ingerência nos seus assuntos internos, defendendo a paz, alargando e diversificando relações - - internacionais e respeitando os compromissos decorrentes dos tratados em vi gor;

- Reconhecer o carácter essencialmente político da solução das guerras no Ultramar, lançando uma nova política que conduza á paz, garanta a convivência pacífica e permanente de todos os residentes, e criando condições para um debate franco e aberto com vista á definição do futuro de Ultramar.

- O carácter transitório do Governo Provisório determina que não poderá proceder a grandes reformas de fundo, nem a alterações que afectem o forointimo da consciência dos portugueses, em particular das suas convicções -

morais e religiosas.

- Os governantes devem ser exemplo transparente de isenção, impondo uma ampla receptividade ao tratamento, pelos órgãos de Informação, dos problemas da vida pública portuguesa, pressupondo que o farão de modo responsável e construtivo, reintegrados que estão na sua dignidade de instrumentos autênticos de uma opinião pública democrática. Em respeito a essa transparência perante o País que vive na esperança, o Governo Provisório não poderá consentir manobras que visem impor-lhe uma tutela extremista de qualquer tipo ou comprometer a genuidade das decisões que, no quadro democrático, ao Povo pertencem.

Em obediência aos princípios do Programa do Movimento das Forças Armadas, o Governo Provisório actuará dentro das grandes linhas de orientação que a seguir se definem e cujos fundamentos deverá solidamente alicerçar.

1. ORGANIZAÇÃO DO ESTADO

- a) Publicação urgente de nova lei eleitoral.
- b) Publicação da lei das associações políticas; sua regulamentação.
- c) Reforma do sistema judicial, conducente à independência e dignificação do seu poder; extinção de tribunais especiais; reforma do processo penal e demais direito processual; e ainda revisão da legislação relativa à Polícia Judiciária e ao "habeas corpus".
- d) Estructuração da administração central de forma a corresponder aos objectivos das novas instituições políticas.
- e) Revisão das relações políticas, administrativas e económicas entre o Portugal europeu e o Ultramar.
- f) Definição da competência dos governadores ultramarinos, dos governadores civis e dos governadores dos distritos autónomos.
- g) Extinção progressiva do sistema corporativo e sua substituição por um aparelho administrativo adaptado às novas realidades políticas, económicas e sociais.
- h) Revogação do Estatuto do Trabalho Nacional; regulamentação em ordem a garantir a liberdade sindical dos trabalhadores e do patronato; estabelecimento de novos mecanismos de conciliação nos conflitos do trabalho.
- i) Fortalecimento das autarquias locais, com vista à participação activa dos cidadãos na defesa política dos respectivos órgãos;
- j) Rápida reforma das instituições administrativas;

2. LIBERTADES CIVICAS

- a) Garantía e regulamentação do exercicio das liberdades civicas, nomeadamente das definidas em Declarações Universais de Direitos do Homem.
- b) Promulgação de medidas preparatórias de carácter económico, social e cultural que garantam o exercicio efectivo da liberdade política dos cidadãos.
- c) Publicação de uma nova lei de Imprensa, Rádio, Televisão, Teatro e - Cinema.
- d) Garantía da independencia e pluralismo dos meios de informação, com salvaguarda do carácter nacional da Radio-televisão portuguesa e da Emissora Nacional; montagem de esquemas antimonopolistas em materia de informação.
- e) Definição de medidas que assegurem a seriedade das sondagens à opinião pública.

3. SEGURANÇA DE PESSOAS E BENS

- a) Defesa permanente da ordem pública.
- b) Definição de normas para a garantia da liberdade e segurança em manifestações na via pública e estabelecimento de medidas de salvaguarda do patrimonio público e privado.
- c) Activação dos meios preventivos dos crimes en geral e, em particular, da corrupção, dos delitos antieconómicos e de todas as formas de - - atentado contra pessoas e bens.

4. POLITICA ECONOMICA E FINANCEIRA

- a) Combate à inflação, através de medidas de carácter global.
- b) Revisão da orgânica e dos métodos de administração económica de modo a dotá-los de eficiencia e celeridade de decisão.
- c) Eliminação dos proteccionismos, condicionalismos e favoritismos que restrinjam a igualdade de oportunidades e afectem o desenvolvimento económico do País.
- d) Criação de estímulos à poupança e ao investimento privado -interno e externo- com salvaguarda do interesse nacional.
- e) Adopção de novas providências de intervenção do Estado nos sectores-básicos da vida económica, designadamente junto de actividades de in

- teresse nacional, sem menosprezo dos legítimos interesses de iniciativa privada.
- f) Intensificação do investimento público, designadamente no domínio dos equipamentos colectivos de natureza económica, social e educativa.
 - g) Gestão eficiente e coordenada das participações do Estado orientada para a defesa efectiva do interesse público.
 - h) Prossecução de uma política de ordenamento do território e de descentralização regional em ordem à correcção das desigualdades existentes.
 - i) Liberalização -em conformidade com os interesses do País- das relações económicas internacionais, no domínio das trocas comerciais e dos movimentos de capitais.
 - j) Apoio e fomento de sociedades cooperativas. Revisão do circuitos de comercialização, de molde a libertá-los de intervenções e encargos não justificados.
 - l) Revisão imediata do IV Plano de Fomento, no quadro de uma estrutura participativa transformando-o num instrumento efectivo de promoção social e desenvolvimento. Revisão da orgânica dos Planos de Fomento.
 - m) Reforma do sistema tributario, tendente à sua racionalização e à atenuação da carga fiscal sobre as classes desfavorecidas com vista a uma equitativa distribuição do rendimento.
 - n) Adopção de medidas excepcionais destinadas a combater a especulação e o fraude fiscal.
 - o) Reforma do sistema de crédito e da estrutura bancaria visando, em especial as exigencias do desenvolvimento económico acelerado.
 - p) Nacionalização dos bancos emissores.
 - q) Dinamização da agricultura e reforma gradual da estrutura agraria.
 - r) Auxilio às pequenas e medias empresas.
 - s) Protecção das participações minoritarias no capital das sociedades.
 - t) Reorganização dos servicios de estatística de modo a garantir a objectividade da informação e a permitir a intervenção oportuna na gestão da economia.

5. POLITICA SOCIAL

- a) Criação de um salario mínimo generalizando-o progressivamente aos varios sectores do mundo do trabalho.
- b) Instituição de sistemas que assegurem o poder de compra das classes -

- desfavorecidas, independentemente das contingências acidentais da -- prestação de trabalho.
- c) Dignificação da função pública com garantia da sua independência política e regulamentação do direito de associação do funcionalismo; - revisão imediata do sistema de remunerações.
 - d) Adopção de novas providencias de protecção na invalidez, na incapacidade e na velhice, em especial aos órfãos, dismuidos e mutilados - de guerra.
 - e) Definição de uma política de protecção da maternidade e da primeira-infancia.
 - f) Aperfeiçoamento dos esquemas de seguro contra acidentes de trabalho e doenças profissionais.
 - g) Lançamento das bases para a criação de um serviço nacional de saúde - ao qual tenham acesso todos os cidadãos.
 - h) Substituição progressiva dos sistemas de previdencia e assistencia - por un sistema integrado de segurança social.
 - i) Criação de novos esquemas de abono de familia.
 - j) Medidas de protecção a todas as formas de trabalho feminino e rigorosa fiscalização do trabalho de menores.
 - l) Criação de esquemas unificados e polivalentes de formação profissional, com participação obrigatoria do Estado e do sector privado.
 - m) Estabelecimento de regimes de participação dos trabalhadores na vida da Empresa.
 - n) Adopção de medidas económicas e sociais destinadas a motivar o retorno dos emigrantes e de protecção e enquadramento dos trabalhadores - portugueses no estrangeiro.
 - o) Financiamento de equipamentos colectivos, com especial incidencia no sector da habitação, conjugado com uma política de solos adequada, de modo a facultar às camadas populacionais de menores rendimentos, alojamento condigno, em condições acessiveis.
 - p) Protecção à natureza e valorização do meio ambiente.

6. POLITICA EXTERNA

- a) Respeito pelos principios da independencia e da igualdade entre os Estados, e da não ingerencia nos assuntos internos de outros paises.
- b) Respeito pelos tratados internacionais em vigor, nomeadamente o da - Organização do Tratado do Atlântico Norte, bem como pelos compromi--ssos assumidos de carácter comercial e financeiro; contribuição acti

- va no sentido da manutenção de paz e segurança internacionais.
- c) Intensificação das relações comerciais e políticas com os países da Comunidade Económica Europeia.
 - d) Reforço da Comunidade Lusó-Brasileira em termos de eficiência prática.
 - e) Manutenção das ligações com o Reino Unido, o mais antigo aliado de Portugal.
 - f) Continuação das relações de boa vizinhança com a Espanha.
 - g) Reforço da solidariedade com os países latinos da Europa e da América.
 - h) Manutenção da tradicional amizade com os Estados Unidos de América do Norte.
 - i) Estabelecimento de relações diplomáticas e comerciais com todos os países do mundo.
 - j) Renovação das históricas relações com os países árabes.
 - l) Revisão da política de informação no estrangeiro.
 - m) Apoio cultural e social aos núcleos portugueses espalhados pelo mundo.
 - n) Definição de uma política realista para com os países do Terceiro mundo.
 - o) Participação e colaboração activa com a O.N.U. e, em geral, com os organismos de cooperação internacional.

7. POLITICA ULTRARINA

- a) Reconhecimento de que a solução das guerras no Ultramar é essencialmente política e não militar.
- b) Instituição de um esquema destinado à consciencialização de todas as populações residentes nos respectivos territorios, para que, mediante um debate livre e franco, possam decidir o seu futuro no respeito pelo principio da autodeterminação, sempre em ordem à salvaguarda de uma armónica e permanente convivencia entre os varios grupos étnicos religiosos e culturais.
- c) Manutenção das operações defensivas no Ultramar destinadas a salvar a vida e os haveres dos residentes de qualquer cor ou credo, enquanto se mostrar necessário.
- d) Apoio a um acelerado desenvolvimento cultural, social e económico das populações e territorios ultramarinos, com vista à participação activa social e política, de todas as raças e etnias na responsabili

- dade da gestão pública e de outros aspectos da vida colectiva.
- e) Exploração de todas as vias políticas que possam conduzir à paz efectiva e duradoura no Ultramar.

8. POLITICA EDUCATIVA, CULTURAL E DE INVESTIGAÇÃO

- a) Mobilização de esforços para a erradicação do analfabetismo e promoção da cultura, nomeadamente nos meios rurais.
- b) Desenvolvimento da reforma educativa tendo em conta o papel da educação na criação de uma consciencia nacional genuinamente democrática e a necessidade da inserção da escola na problemática da sociedade portuguesa.
- c) Criação de um sistema nacional de educação permanente.
- d) Revisão do estatuto profissional dos professores de todos os graus de ensino e reforço dos meios ao serviço da sua melhor formação.
- e) Ampliação dos esquemas de acção social escolar e de educação pré-escolar, envolvendo obrigatoriamente o sector privado, com vista a um mais acelerado processo de implantação do principio da igualdade de oportunidades.
- f) Criação de esquemas de participação de docentes, estudantes, famílias e outros sectores interessados na reforma educativa visando, em especial, a liberdade de expressão e a eficiência do trabalho.
- g) Definição de uma política nacional de investigação.
- h) Fomento das actividades culturais e artísticas designadamente da literatura, teatro, cinema, música e artes plásticas, e ainda dos meios de comunicação social, como vehiculos indispensáveis ao desenvolvimento da cultura do povo.
- i) Difusão da língua e cultura portuguesa no mundo.

- - - oOo - - -

Definido, pois, o programa do Governo Provisório, necessário se torna estabelecer a orgânica deste, de modo a assegurar a articulação entre os diversos departamentos da Administração Pública em orden a permitir a eficiente execução das tarefas cometidas.

Nestes termos, a Junta de Salvação Nacional decreta para valer como lei o seguinte:

Artigo 1º.- 1. O Governo Provisorio é constituído pelo primeiro-minis-

tro, pelos ministros sem pasta e pelos ministros das seguintes pastas:

- a) Defesa Nacional;
- b) Coordenação Interterritorial;
- c) Administração Interna;
- d) Justiça;
- e) Coordenação Económica;
- f) Negócios Extranjeros;
- g) Equipamento Social e Ambiente;
- h) Educação e Cultura;
- i) Trabalho;
- j) Assuntos Sociais;
- l) Comunicação Social.

2 Poderão ser designados ministros sem pasta, até ao limite de quatro, a quem serão confiadas as atribuições referidas no artigo 14 n.º 5 da Lei Constitucional n.º 3/74.

Artigo 2.º.- 1. Ao primeiro-ministro compete:

- a) Convocar e presidir as reuniões do Conselho de Ministros, sem prejuízo da competência reconhecida nos termos constitucionais ao Presidente da República;
- b) Coordenar e fiscalizar a execução da política definida pelo Conselho de Ministros;
- c) Assegurar o princípio da colegialidade;
- d) Representar o Governo perante os demais órgãos de soberania.

Artigo 3.º.- Compete ao Ministério da Defesa Nacional assegurar a ligação entre o Governo e as Forças Armadas através do chefe do Estado-Maior-General das Forças Armadas, e designadamente aquacionar a política global de defesa, tendo em atenção as perspectivas do desenvolvimento social e económico da Nação e por forma a que nessa política seja integrada a acção militar.

Artigo 4.º.- 1. Compete ao Ministério da Coordenação Interterritorial ocupar-se dos assuntos respeitantes às relações entre Portugal europeu e os territórios do Ultramar.

2. No Ministério da Coordenação Interterritorial são criadas a Secretaria de Estado da Administração e a Secretaria de Estado dos Assuntos Económicos.

Artigo 5.º.- Ao Ministério da Administração Interna compete ocupar-se dos assuntos relativos à administração local, ordenamento do território e manutenção da paz social.

Artigo 6.º.- 1. O Ministério da Coordenação Económica compreende as seguintes Secretarias de Estado:

- a) Finanças;

- b) Planeamento económico;
- c) Industria e energia;
- d) Agricultura
- e) Comercio externo e turismo;
- f) Abastecimento e Preços.

2. No Ministerio da Coordenação Económica é criado o lugar de subsecretario de Estado das Pescas, que ficará integrado numa das Secretarias de Estado, a designar pelo ministro.

3. Na Secretaria de Estado das Finanças são criados os cargos de subsecretario de Estado do Orçamento e de subsecretario de Estado do Tesouro.

Artigo 7.º - 1. O Ministerio do Equipamento Social e do Ambiente compreende as seguintes Secretarias de Estado:

- a) Obras Públicas;
- b) Transportes e Comunicações;
- c) Habitação e Urbanismo;
- d) Marinha Mercante;

2. No Ministerio do Equipamento Social e do Ambiente é criado o cargo de subsecretario de Estado do Ambiente.

Artigo 8.º - O Ministerio da Educação e Cultura compreende as seguintes Secretarias de Estado:

- a) Administração Escolar;
- b) Assuntos Culturais e Investigação Científica;
- c) Desporto e Acção Social Escolar;
- d) Reforma Educativa.

Artigo 9.º - 1. O Ministerio dos Assuntos Sociais compreende as seguintes Secretarias de Estado:

- a) Saúde;
- b) Segurança Social

2. São desde já integrados na secretaria de Estado da Segurança Social todos os serviços de Previdência e Assistência.

Artigo 10.º - Ao Ministerio da Comunicação Social compete ocupar-se dos assuntos relativos à política de informação através da coordenação dos órgãos respectivos em ordem à consecução dos objectivos previstos no programa do Governo Provisorio.

Artigo 11.º - A delimitação da competencia e a distribuição dos diversos serviços pelos varios Ministerios e Secretarias de Estado será definida pelo Presidente da República sob proposta do primeiro-ministro.

Visto e aprobado pela Junta de Salvação Nacional, em 15 de Maio de 1974

- - - - - o0o - - - - -

valle inclán

visto por X. A. Montero

(CONFERENCIA DE XESUS ALONSO MONTERO NA SOCIEDADE "A NOSA GALICIA" DE XENEVA)

de feito eu bou falar de Ramón María del Valle Inclán, escritor galego que empezou a escribir en 1986 e deixaba de escribir, probablemente o día da súa --morte, o día da súa morte, o 5 de xaneiro de 1936 -- nun sanatorio de Santiago. Bou falar de Valle Inclán, bou falar da aitude de Valle Inclán en canto home, en canto escritor ante Galicia, e bou falar doutras cousas, tal como reza o título da miña disertación. Outras cousas que non van ser cousas heteroxéneas, van ser cousas, de feito, ven vencelladas á Conferencia, a Valle Inclán, a Galicia ou, en todo caso, a Valle-Inclán polo menos.

Eu debería, si o tempo mo permitise, si estuvésemos noutras circunstancias, de facer un esquema biográfico e cronolóxico de Valle Inclán, que pra algúns sería ocioso, pero pra outros, si cadra, era un chisquiño necesario. Non no bou facer. Non bou facer ese "curriculum vitae" que se fai nas conferencias académicas cando se fala dun escritor, dun sabio ou de calquer outro tipo de inxenio.

Quero entrar de cheo na conferencia, quero falar un pouco do home, quero falar de cómo foi Valle. Sobre Valle téñense escrito ducias de libros, centos -

de folletos e téñense pronunciado miles de Conferencias. Polo tanto, a miña disertación desta noite ven ser a conferencia catro mil, cinco mil ou seis mil - en torno a Valle.

Pois ben, nesta morea, nesta montaña de literatura que se ten feito sobre o home e o escritor Valle-Inclán, pódese decir que un noventa por cento da bibliografía que se ten enfrentado con él, é unha bibliografía que está chea de anécdotas. E raro o estudante de bachillerato, por cativo ou pequeno que sexa, que non conoza tres ou catro ou seis anécdotas contadas por Valle Inclán ou atribuídas a él. Eu quero començar a miña charla desta noite con tres ou catro anécdotas, pra que non nos quedemos cunha imaxen de Valle Inclán como un home simplemente pintoresco, chistoso, pavelo; unha especie de fanteche ou moneco que andaba polas ruas de Madrí, sin un brazo, cunha barba longa, cunha delgadez de bacalao e cunha capa que o parecer xa non se levaba daquela. Aparentemente Valle Inclán é esto. E de pronto aquel Valle Inclán que decía cousas estrañas, o que en galego chamamos arroutadas e que en castelán esabruptos, é un Valle Inclán que nos está invitando en todo momento a que vexamos nel, repito, o personaxe dun chiste, o protagonista dunhas peripecias anecdóticas sin trascendencia.

Vostedes saben que a principios de século, nunha liorta tabernaria cun escritor segundón da xeneración do 98, chamado Manuel Bueno, perdeu un brazo. O perder o brazo esquerdo, Valle quixo sacarlle partido a esa circunstancia, a esa mutilación. Según Gómez de la Serna, Valle ten dado trinta versións distintas da perda do brazo. En todas elas hai un denominador común. Valle viña a decir que perdera o brazo nunha ocasión casi tan memorable como aquela na que perdera parte da mau esquerda o manco de Lepanto, Miguel de Cervantes Saavedra. Primeira cousa na que eu quero reparar. O propio Valle anda a mitificar a sua propia vida. Valle non quere reconocer que perdeu un brazo nun accidente prosaico e un tanto circuns

tancial da vida. Valle, xa que perdeu unha cousa tan importante como un brazo, perdeuno protagonizando un feito casi tan memorable, según contan as historias, como a batalla de Lepanto.

Segunda anécdota. Valle, por razóns familiares non alleas á economía, vai a México e cando volve, despois de facer cousas pouco relacionadas coa recuperación dunhos bens que andaban por alí, conta que él fora naquel México insurxente, insurreuto, Coronel Xeneral de Tierra Caliente, pra decilo coas súas propias palabras. Ese grado non eisiste, o parecer, en ningún Exército do mundo, pero, en todo caso, si eisiste en algún Exército do mundo, o certo é que Valle Inclán en México endexamais empuñou un fusil nin siquiera un puñal e dedicouse a actividades que non tiñan nada que ver coa loita e coa guerra.

Terceira anécdota. Cando casi ó remate da súa vida un xornalista lle pregunta si estaba satisfeito coa súa carreira brillante de escritor, él dixo que fora escritor porque non poidera ser o que de verdade él houbera querido ser. El houbera querido ser guerrilleiro.

Anécdotas como as que acabo de contar, andan a centos polas biografías e traballos que encol de Valle Inclán se teñen publicado fai moitos anos. E o certo é que o lector pouco avisado ou pouco no alodestas cuestiós, saca a conclusión de que Valle Inclán é un personaxe de chismografía, é un conxunto de anécdotas superficiais e que no cerne daquel home non había cousa importante. Eu diría que as anécdotas que contou Valle Inclán, que foron moitas pero menos que as que lle atribuímos, esas anécdotas non respondían nin siquiera ó arte de cultivar a mentira como xénero literario que nel podía xustificarse. Non. Non era a mentira como xénero literario. Eu penso -- que nesto que parece un xogo hai algo mais, hai unha contestación. Eu quero chegar ó final da miña charla á conclusión de que Valle foi sempre un radical contestatario, un home que estivo contra todo e casi --

contra todos. Porque consideraba que o mundo ou a so ci da de, e polo tanto as xentes que viven nesa so ci da de é un mundo enteiramente noxento. Polo tanto so me nte hai unha ai ti tu de eficaz cando un vive nunha so ci da de que da noxo, que da nauseas, como diría -- anos despois o ei si te nc ia li smo, empregando unha pa la bra que xa utilizan os campesinos galegos, noxo. As cousas cando feden moito, as cousas cando son moi in ju st as, as cousas cando son moi arbitrarias, dan noxo. Os ei si te nc ia li smo sin nauseas; os nosos labregos din noxo, os nosos campesinos que non leeron a S a r t r e nin a ningún outro.

a conclusión a que quero chegar e que este home, - que se encontrou nun mundo que daba noxo ou nausea, - vaino contestar todo, vai contestar a sua propia bi og ra fi a. Porque resulta que Valle nace nun lugar de Galicia, en Vilanova de Arousa, nun determinado ano, 1.866. Si me permiten o casi chiste, diría que nace naquel tempo e naquel lugar sin ser consultado, o cal pra Valle e trágico. Valle, por ser fillo de quen é, por nacer nunha determinada familia e nun determinado estatus económico, ten que estudar, queira ou -- non queira, a carreira de dereito da Universidade ga le ga. Nun intre en que a vixilancia do pai non é moi grande, rompe cos estudos e emprende a aventura de México e Madrid. Volta de México e temos a Valle que perdeu o brazo.

Entón Valle quixera haber perdido o brazo protagonizando un feito mais importante, espiritualmente -- mais denso que o feito que as circunstancias lle fixeron protagonizar. E Valle vive nun mundo no que -- non pode escoller o oficio no que él como home se -- realizaría mais plenamente: o oficio de guerrilleiro. Si vivise hoxe Valle veríamolo loitando en Vietnam, - nun bosque escondido dalgún pais lonxano de Africa - ou calquer Serra dos Estados americanos do Sur. Pero Valle vive nun momento en que a guerrilla non está o alcance da ma u de cada quen i aquel home que iba pra guerrilleiro ten que vivir frustrado, i unha maneira

de vivir menos frustrado é dedicarse á literatura; -- ese mundo imaxinario no que un pode facer e ser o -- que non pode facer e ser na realidade.

Valle, que minte sempre, nunca acaba de decir que nacera en Vilanova de Arousa; decía unhas veces que nacera na torre dun pazo, outras decía que nacera no medio e medio da ría pra que as cibdades dunha e doutra ría se disputaran o berce dél, como ainda as sete cibdades de Grecia se están a disputar o berce de Omero, e mais de sete en Portugal se disputan o berce de Luis de Camoens, él quixo deixar esta confusión, esta estupenda confusión ós eruditos do futuro. Pero o certo é que Valle non naceu en ningunha parte, Valle foi nacido. Valle non quixo estudar dereito, a Valle oblíganlle a estudar dereito. Valle vai a México por unhas cousas prosaicas de recuperar unhos bens familiares que tiñan os seus parentes alí e Valle non pode ser Coronel Xeneral, non pode estar ó frente dun Exército nin siquiera pode inventar un grado novo con que condecorarse a si mesmo. Valle, pois, é un home que o estar contando estas anécdotas, aparte do que houbera de xogo, de mentira convertida en categoría estética, estaba contestando a sua propia vida, a vida que estamos levando todos nós, ou casi todos nós. E a vida que nos impoñen as circunstancias, empezando pola circunstancia do nacemento nun determinado tempo e nun determinado lugar. E logo as circunstancias impostas polo condicionante da economía, da familia, dos perxuicios, do tempo histórico e político en que vivimos. Logo nós temos dous ou tres pequenos carreiros por donde camiñar e, si cada, nin o mellor deles é o camiño donde nós nos vamos a realizar como personas.

Esto é o que lle debeu de acontecer a Valle dende moi pronto, e Valle nas tertulias non pretendía xogar coa sua vida, estaba contestando a sua biografía. Este Valle que ten unha aparencia tan de chismografía resulta que é un dos escritores mais de corpo enteiro que se teñen dado na historia da literatura --

mundial. Quero facer un pouco de fincapé nun aspecto da súa biografía profesional.

Valle pasou fame, Valle non viviu esautamente na miseria, pero viviu él i a súa familia na precariedade, pero Valle endexamais escoitou os cantos de sirena que lle cantaban tódolos días e tódalas noites na orella decíndolle: Valle, non escribas así, si escribes desta outra maneira terás aplausos, mais escalafós, mais éxitos, mais diñeiro, mais citas nos xornás. E un home que dende o primeiro día o último propúxose e logrouno escribir como él creía que había que escribir. Non escoitou o canto do poder e tampouco escoitou o canto do público, ese público de teatro que aplaudía a Benavente ou a Riches ou a Muñoz-Seca; non estou citando o peor dos públicos españoles. Resulta que él creía que aquel non era teatro, nin siquera o de Benavente i él sabía que por ese camiño endexamais tería cartos, endexamais tería fortuna, tería nome, tería publicidá, público, que é o que desexa o escritor, ter público. Pero Valle Inclán partía do feito de que unha gran parte do público tiña adulterado o seu paladar, o seu sentido do estético, o seu xuicio crítico. El non pensaba botar carnaza a ese público, él rechazábase pra historia.

hai outros homes que se teñen rechazado pra historia e teñen sido escritores de minorías, e logo a historia do futuro non lles ten dado a razón, pero o futuro, pra nós o futuro de Valle Inclán, en parte, e xa pasado, sabemos moi ben que o futuro deulle totalmente a razón. Dende fai dez, doce, catorce anos, o teatro de Valle Inclán represéntase en escenarios de Paris, de Buenos Aires, de Varsovia, de Madrí, de Barcelona, por citar climas ideolóxicos i estéticos moi distintos. Este era o Valle que se reservaba pra historia do porvir, e que non pactou nin co público nin cos seutores nin cos empresarios nin cos actores e menos co poder. Sempre foi un home incómodo pra ditadura e foi incómodo pra República. Incómodo pra República, non porque él fose antirrepublicano, sinón porque o seu republicanismo aínda iba mais alá. Per-

manentemente incómodo. Endexamais se quixo sentar a mesa dos poderosos si eso equivalía a prostituír o seu arte.

Pois ben este home sin un brazo, unha saia ou cunha capa anacrónica e cunhas barbas blancas longas e decindo arroutadas polos cafés de Madrid, é o profesional mais honrado, mais honesto que ten dado España desde Berceo a hoxe.

Valle foi escritor dende fin de século hastra o ano 36. Eu diría que en Valle hai tres escritores.-- Primeira etapa, que hai que chamar modernista, unha segunda etapa de transición, que é a que interésanos a nós primordialmente porque haivamos encontrar o ciclo galego das suas obras, i a partir do ano 20 i así hastra o 36, a definitiva etapa, a gran etapa. Unha etapa allea temáticamente a Galicia que é a etapa esperpéntica. Entre o Valle Inclán do ano 23 e o Valle Inclán do ano 6 hai casi unha infinita distancia. Parece que as obras do ano 4 foron escritas por un home que nada tiña que ver coas que vai escribir no ano 20 ou no ano 22. Valle cambiou. Valle cambiou cando o seu sentido crítico lle eisixia cambiar, non cando os fáciles periodistas ou o público de demagógico sentido, ou o poder o invitaban neste ou naquel sentido. Valle é un home que facía en todo momento o que creía que debía facer, polo tanto que en todo momento tiña unha verdá i o mesmo tempo era crítico ante esa verdá. De ahí que Valle tardase mais de vinte anos en encontrar o definitivo camiño. Tamén a historia lle veu dar a razón. O Valle da primeira época, o Valle modernista é un Valle casi invisible e somentes nos quedan dous Valles, o da etapa segunda, ou de transición i o posterior o ano 20.

- - - oOo - - -

Vamos a primeira etapa. Obras representativas desta primeira etapa son as Sonatas, como todo o mundo sabe --ei decir, na medida do posible, os tíduos das obras de Valle Inclán en castelán por respetar o

idioma orixinal-- neste caso de Primavera, de Estio, de Otoño y de Invierno. Ben, a Sonata que a nós nos interesa é a Sonata de Outono, traducindo o título o noso idioma. As outras radícanse en escenarios alleos a Galicia. Pero na Sonata de Outono aparece por primeira vez Galicia. ¿Que vai decir de Galicia este home que andivo casi sempre rifando cos galeguistas, - que nunca considerou con bos allos a Rosalía de Castro, que non escribiu en galego e que á sua maneira se riu un pouco dos que escribían en galego --somentemente nunha etapa da sua vida vai escribir unas copliñas parecidas as populares i un poema longo chamado "Cántiga de Bellas"-- ¿que vai decir de Galicia este home tan estraño na aparencia i a veces no fondo?

Vai decir pouco, casi nada. Vai decir pouco, non porque Galicia non lle interese, porque a sua estética, é decir, os seus principios literarios non lle permitían decir nada sobre a realidade, fose a Galega na Sonata de Outono, fose a italiana na Sonata de Primavera, fose a mexicana na Sonata de Estío, fose a navarra na Sonata de Inverno. Ser modernista e daquela ser fillo de Ruben Dario, creer na palabra e no meigallo estético por si mesma, é creer na literatura pola literatura, é inhibirse da realidade, e polo tanto as realidades, as cousas, os homes, as peripicias dos homes entran nas páxenas de Valle o mínimo, o indispensable. Son as apoiaduras mínimas pra que por derriba delas levante o edificio imaxinario do seu esteticismo. Así, pois, non pensemos que anos importantes de Galicia van a asomar as páxenas de Sonata de Outono. De todos modos, xa que as cousas están en Galicia e xa que dalgunha maneira hai que rendir ou pagar un tributo a realidade, a Sonata de Outono algo de Galicia nos ten que decir. Que Galicia aparece, non aparece a Galicia popular, nin siquera aparece a mesocracia, a clase que decía eso, - aparece a Galicia aristocrática, o Marqués de Bradomin, a sua amante Concha, Isabel, amante tamén do Marqués de Bradomin, o mundo do pazo de Brandeso i eu diría que o noventa por cento das páxenas é unha

especie de loubanza ou de labanza, ou de parmificac--
ción da aristocracia galega.

Polo menos, dirán vostedes, temos aquí unhas páxe
nas que nos permiten conocer como era a aristocracia
rural galega a mediados do XIX ou hacia 1.870 ou 80.
Non. Porque esta aristocracia está tratada moi lite-
ralmente. Eu diría que o Marqués de Bradomín, en vez
de ser un aristócrata como eran os nobles galegos da
quela, era mais ben un produto das lecturas litera--
rias de Valle Inclán. Fai moita literatura en vez de
aterse os datos da vida. Pero dalgunha maneira, nal-
gunha medida, evidentemente, a vida asoma de vez en
cando. Polo tanto si algo nos dí da Galicia da épo-
ca, dinos algo da aristocracia. E o pobo non aparece,
o pobo casi non aparece. E non aparece porque na es-
tética modernista de Valle Inclán, o pobo non ten in-
terés, o pobo nin siquiera ten interés estético, e me-
nos moral, xa que o modernismo non é unha actitud mo-
ral. Pro modernista, pro escritor modernista os te-
mas son estéticamente interesantes ou estéticamente-
pouco importantes, mentras que pra outro tipo de es-
critores, e pro propio Valle Inclán anos despois, os
temas éticamente importantes son estéticamente impor-
tantes. A aristocracia tiña pra Valle un interés es-
tético de primeiro orden; o pobo non. Pero cando apa-
rece o pobo xoga un papel.

Eu podería leerlles linea e media que aclara, po-
lo menos, o meu punto de vista. "Hai un momento en -
que estamos no pazo de Brandeso, xa se describiu a
figura alta do marqués de Bradomin e o Marqués de --
Bradomin pasa por unhas escaleiras enormes e encon-
tra sentados nunhos bancos de carballo a unhos homes
derreados polo peso dos anos e dunhos sacos que le-
van o lombo que van pagar un foro a señora do pazo."
O problema do foro, o vello problema do campesinado-
galego, o problema, en definitiva, da miseria galega,
o problema daquelas xentes, daqueles desherdados da
historia, o problema dos que sofren a historia e non
a fan están alí. Pero está alí nos que estamos a ler
estas linias cunha determinada mentalidá. Valle In-

clán solo se fixa que os bancos de carballo en que estaban sentados aqueles homes que iban co saco o -- lombo estaban fermosos e lustrosos polo uso do tempo. Así pois Valle prefire rexistrar unha faceta física-- dun banco de carballo, que ten unha fermosa fisono--mía, a reparar, por un intre, na miseria ou no sofri--mento ou nas fatigas dos homes que están a sufrir a historia en Galicia. Non e que Valle Inclán sexa un--canalla ou un sádico coas realidades de abaixo, é -- que a estética na que él creía inda daquela é unha estética que o leva a marxinarses dos problemas hu--mans i a interesarse polo que vamos a chamar o este--ticismo. Así, pois, o pobo, cando asoma a cabeza tí--midamente as páxenas de Sonata de Outono, aparece co--mo unha anécdota que serve un pouco pra terminar de realzar ou manificar as grandes figuras da trama de Valle Inclán que son os personaxes aristocráticos.

Despréndese de todo o dito que Valle é, utilizan--do a terminoloxía hoxe en moda, un escritor evasivo. Evasivo eo forzosamente todo modernista. Escritor --evasivo é aquel que se desentende da realidade, repi--to, na medida en que é posible desentenderse da rea--lidade, porque por forza, por moito que queiramos de--sentendernos das cousas, por forza o pé na terra té--molo que ter porque no aire non nos podemos soste--rer. Así, pois, a literatura modernista é unha literatura feita no aire que de vez en cando ten que pousar, ain--da que sexa un pouco, o pé na terra. Agora ben, o com--promiso coa terra, o compromiso coa realidade é o in--dispensable. Estamos, pois, ante un escritor evasivo.

Visto un escritor evasivo coa ética e a estética--de hoxe, ¿qué deberíamos decir desta evasión? ¿E un--ha evasión moralmente, politicamente cómplice? De --pronto nos decatamos que no mundo de Valle había a fame, a miseria, os foros, os desherdados da histo--ria, de que temáticamente eu acabo de falar. ¿Por --qué Valle escritor non rexistra esta realidade i o --mesmo tempo por qué non adouta unha postura diante --dela?

ben, eisixirlle esto a Valle é eisixirlle un pouco os principios que eu teño a propósito do enfrentamento aitual do escritor coa realidade, pero non é o que tiñan daquela moitos homes, entre eles Valle Inclán.

por qué se evadía? ¿Por qué no fondo despreciaba esta miseria da historia, e polo tanto era un cómplice desa miseria, ou evadíase porque toda realidade era noxenta i o evadirse é, en certo modo, contestar a realidade?. En efeuto, fose ou non Valle Inclán -- deste feito, ten habido, dentro e fora de Galicia, escritores que se teñen escapado polos camiños da imaxinación, da fabulación, pra non conectar, de ningunha maneira, coa realidade. E isto téñeno feito alguns porque sinten noxo ante toda forma de realidade. Hai, pois, escritores evasivos que son unhos contestatarios, unhos sutiles contestatarios, diría eu, que dándolles noxo toda realidade prefiren non falar dela.

- - - oOo - - -

a etapa de transición está presidida, o meu xuício, pola triloxía denominada "Comedias Bárbaras", e que son "Cara de Plata" a primeira ideolóxicamente, pero escrita e publicada no ano 22, e segunda "Aguila de Blasón", do ano 7, e a terceira "Romance de Lobos" do ano 8.

pois ben, aquí temos a Valle Inclán xa mergullado en Galicia. Valle Inclán xa non ten o mesmo programa estético. Non. A Valle Inclán empézalle a interesar a realidade e Valle Inclán non vai ser o que foi has tra agora, un escritor amoral, agora vai ser un ente moral, e, como ente moral, ó escribir deste ou daquel personaxe, dun feito xusto ou dun feito inxusto, do ben ou do mal, vai tomar posición. A sua postura podemos aprobala ou podemos desaprobala, evidentemente, pero o certo e que él vai tomar postura ante os feitos e ante as realidades da sociedade galega. Que ro facer fincapé, especialmente, dentro do marco des

ta triloxía, en "Romance de Lobos".

¿Qué aparece en "Romance de Lobos"? Eu diría que en "Romance de Lobos" aparecen fundamentalmente dous mundos da sociedade galega rural. Primeira limitación: a Valle non lle interesa o mundo urbano, xa veremos por qué. A Valle interésanlle os leprosos, tolleiros, esmoleiros, mendicantes, que van polas feiras, polos camiños, polas romerías, polas festas, polos pazos, por tódolos sitios donde pode encontrar unha esmola, donde poden encontrar un pouco de caridá i un palleiro donde dormir.

a Valle interésalle a sociedade rural, non a urbana, e dentro da rural interésalle o mundo da aristocracia e interésalle o que a terminoloxía marxista chama o "lumpen proletariado". Entendendo por "lumpen proletariado" un conxunto de homes e mulleres -- que viven en condicións ouxetivamente míseras, a veces mais míseras que o propio proletariado, pero que non ten conciencia de explotación porque ó mesmo tempo vive ó marxen da sociedade. Un obreiro, ben ou -- mal pagado, sempre se sente moito ou pouco explotado i é un home que pode facer, en calquer intre, unha reivindicación, porque unha boa parte da sociedade estase a beneficiar do seu traballo e do seu sudor. Logo él ten dereito a protestar, a contestar, a erguer a sua reivindicación; un esmoleiro non, un gitano tampouco, eses tolleiros que andaban polas -- obras de Valle Inclán e que aínda nós acordamos non fai moitos anos nas feiras de Ribadavia e da Cañiza e de Melón e de Fenlle, etc.etc., esa xente que vive ó marxen da sociedade, que vive da esmola, que vive da caridade, que non aporta un traballo e que non -- acepta unha organización i un control, non pode facer unha reivindicación. Polo tanto encontrámonos -- cunha xente ouxetivamente mais mísera, en condicións de subsistencia mais precarias que o propio proletariado, pero que non ten conciencia proletaria e polo tanto os sociólogos marxistas entenden que desa parte nunca vai vir unha reivindicación e menos a revolución. De ahí que estea sempre ó marxen nos libros-

dos estudos sobre o proletariado. Este é o "lumpen proletariado" ou amedianamente o "lumpen".

e Valle que non era marxista, Valle que non leera nada de socioloxía marxista e menos de socioloxía neomarxista, resulta que Valle danos unha lección acerca de cal é o nivel de conciencia do "lumpen proletariado" como non no la teñen dado moitos sociólogos marxistas ou burgueses de hoxe. Quero dicir. Hai un momento en que o héroe de "Romance de Lobos", don Xan Manuel Montenegro, encontra, é de noite, hai --treboada, hai ventos, etc. encontra a todos estos --tolleitos, cegos e esmoleiros acurrucados debaixo --dunhos penedos. El vai camiño da sua casa porque --lle chegou a noticia de que acaba de morrer a sua muller, e neste intre él ten un gran arrepentemento posto que él coida que él foi quen matou a muller, --porque esa muller foi unha martir da sua condición --de mullereiro, da sua condición selvática, da sua --condición atrapillaria que él reconece. Aquela mar --tir, aquela santa, como dice don Xan Manuel Montene --gro en moitos momentos da obra, no fondo matouna él. Arrepentido quere chegar alá haber si aínda a encon --tra con vida, haber si a encontra polo menos agoni --zante. E os mendigos vanno seguir, i el, nese intre, ofrécelle os mendigos todo o que haxa na sua casa, e vailles regalar o pazo, e vailles regalar as terras, as leiras, todo. Os mendigos non acaban de creer o que escoitan da boca do señor do pazo. I agora vou --cambiar un pouquiño, porque penso que está mellor --en castelán que no meu galego o que vai dicir don --Xan Manuel Montenegro.

"Todo el maiz que haya en la troje se repartirá --entre vosotros, es una restitución que os hago ya --que sois tan miserables que no sabeis recobrar lo --que debía ser vuestro. Teneis marcada el alma con --el yerro de los esclavos y sois mendigos porque de --beis serlo. El día en que los pobres se juntasen pa --ra quemar las siembras, para envenenar las fuentes, --sería el día de la gran justicia. Ese día llegará y --el sol, sol de incendio y de sangre, tendrá la faz --

de Dios. Las casas en llamas serán hornos mejores para nuestra hambre que hornos de pan. Y las mujeres y los niños y los viejos y los enfermos gritarán entre el fuego y vosotros cantareis y yo también, porque seré yo quien os guie. Nacisteis pobres y no podreis revelaros nunca contra vuestro destino. La redención de los humildes hemos de hacerla los que nacimos con ímpetu de señores cuando se haga la luz en nuestras conciencias. En la mía se hace esa luz de tempestad. Ahora entre vosotros me figuro que soy vuestro hermano y que debo ir por el mundo con la mano extendida, y como nací señor me encuentro con más ánimo de bandolero que de mendigo. Pobres miserables, almas resignadas, hijos de esclavos, los señores nos salvaremos cuando nos hagamos cristianos."

non é un testo do Concilio Vaticano II. Adianta ó Concilio en trinta ou cuarenta anos.

ben, a resposta do probe de San Lázaro, que é o mais importante deste fato de tolleitos e de mendicantes que andan polos camiños, vai ser clara: " Hai non señor, sempre lle houbo probes e ricos e sempre os haberá. A armonía do mundo eisiste mentras os probes reciban con agarimo e con agradecemento a esmola dos ricos e que os ricos dean un pouquiño de esmola de vez en cando. Este é o mundo, a armonía do mundo foi así, é así e sempre será así ". Está ben claro -- que non tiña conciencia proletaria. Está ben claro -- que a revolución ou ningunha forma de revolta ou de contestación as estruturas mais ou menos inxustas ou contestables da sociedade non vai vir do "lumpen proletariado" como dicen os sociólogos que denantes citaba.

agora ben, no discurso ou sermón entre cristiano e revolucionario de don Xan Manuel Montenegro hai -- cousas que un estudioso da revolución encontraría como xustas e outras que encontraría como heréticas. -- Pensar que a revolución a van facer os poderosos ou os potentados, e pensar que a van a facer ó frente de xentes que pensan que non a deben facer, eso é un ha utopía. Pero Valle movíase no mundo da utopía, e-

o pensamento revolucionario dun aristócrata galego de 1.870 non podía ser outro que este. Por outra parte este texto, que ten sido analizado a luz da revolución ou da non revolución, eu creo que xoga un papel literario aquí un pouco distinto.

don Xan Manuel Montenegro é un home que quere chegar a espiación. Ten un problema. De pronto recapacítana na súa biografía e decátase que foron 50,60,70 -- anos de facer o mal e de martirizar a aquela santa -- que era a súa muller, dama María. Nese intre hai unha especie de revulsión no seu interior i el quere -- ofrecer ó mundo algún tipo de xustificación, él quere facer algo verdadeiramente heroico. O máximo que pode facer un aristócrata é renunciar o seu poder i os seus bens en beneficio dos que sempre foron os esmoleiros da súa porta. Entonces non xoga este testoaquí o papel que moitos lle teñen atribuído, unhas -- frases de Valle Inclán cómprelle pra meditar haber -- si a revolución pode ou non ser feita polos aristócratas, pode ou non ser sementada no esprito semimorto do "lumpen proletariado". Non. Esto está en función da súa purgación ou da súa espiación, do seu -- afán de purificarse e de dar o mais que un aristócrata pode dar: os seus bens i o seu poder. Porque o -- dar os seus bens da a fonte do seu poder.

Está ben claro que o lombo de "Romance de Lobos", como de tódalas páxenas da triloxía a que pertence "Romance de Lobos", pro primeira vez na súa trajetoria de escritor Valle Inclán toma partido. A simpatía a aristocracia e algo que hoxe non está ben visto, pero hai que situalo naquel momento, e penso que a clave vaina dar o propio Valle Inclán. Naquela -- obra, que en certo modo eu despreciei porque Galicia non aparecía, e cando aparecía nela a Galicia popular aparecía coma contrapunto estético da aristocracia, a Sonata de Outono, hai medio capítulo, páxena -- e media que non parece unha páxena dun modernista, parece outra cousa. Alí o personaxe central é o Marqués de Bradomín e de pronto don Xan Manuel Montenegro, que aparece por primeira vez nesta obra, vai ca

miño dun sitio que se chama Viana do Prior; e cando Concha, a amante do Marqués de Bradomín lle pregunta: tío, vostede a donde vai, él dí: vou a Viana do Prior a mallar a paus a un escribano. Pra min esta frase é reveladora, porque dalgunha maneira as aititudes de Montenegro en obras posteriores están en función desta frase. O escribano de antes é, en certo modo, o notario de hoxe. Acababa de chegar ó medio rural a burocracia: o xuez, o escribano, o alcalde. Todos representaban un poder competitivo co vello e secular poder que había na aldea: a nobleza. Por primeira vez, i esto acontece no 19, a nobleza, os señores feudales encóntranse con que, de certos-feitos, teñen que dar razón e conta ó xuez, ó escribano, ó alcalde. Eles, dende a noite da Edade Media ó 10 non rendiran contas a ninguén. O escribano é o poder competitivo coa aristocracia no momento en -- que a aristocracia rural galega está dando as bo-queadas. Pero o mesmo tempo o escribano representa a cibdade, a cibdade sempre rexeitada, rechazada -- por Valle Inclán e representa a burguesía. O representar a burguesía representa fundamentalmente o -- que a burguesía aportou a historia: o comercio, as transaciós, os bancos, o diñeiro. O escribano é o -- representante do diñeiro e dun mundo que se ergue -- sobre o diñeiro e os valores, dende os estéticos os téticos, sin escluir os relixiosos, os valores da burguesía son valores sempre en función do diñeiro.

Valle sempre detestou a burguesía i a cibdade, -- que é o marco natural da burguesía, por iso non debemos desaprobar totalmente esta adhesión a aristocracia porque a vella adhesión a aristocracia de Valle é indireutamente un rexeitamento, un detestar a burguesía, o mundo do diñeiro, o mundo que se estaba impondo, que se estaba impondo non soio sobre a clase que un pouco mais tarde iba xogar un papel histórico, o proletariado, sinon que estaba -- arroupando no desbán da historia a aristocracia. -- Cando el decía que se vai dar unhos paus o escribano o aristócrata estase defendendo como ente dunha clase que está morrendo. ¿Por qué morre a aristocracia?

Bueno, a aristocracia morre porque o seu papel histórico caducou, ahí está a burguesía que fixo os descubrimientos, que, en certo modo aguilloou a cencia, na medida en que a cencia pode ser aproveitada pro enriquecemento, que trouxo o comercio, etc. Esta burguesía, repito, sempre rexeitada por Valle Inclán en todas as súas fases de home e escritor.

No ciclo galego, presidido pola triloxía xa citada varias veces, "Comedias Bárbaras", repito, aparece: o "lumpen proletariado", que acabo de examinar; a aristocracia, que está en litixio coa clase social que vai vencer moi pronto a nobleza; e de pronto aparecen unhas personaxes nos que quero facer un pouco de atención. Os cinco fillos de don Xan Manuel Montenegro. O comportamento destes fillos é un comportamento totalmente antixeneroso. Unhas homes engaiolados ou cautivados polos cartos, polo diñeiro. Polo tanto dunha xeneración, a de Montenegro, a dos seus fillos assistimos o derrumbe total da aristocracia no marco rural galego. Montenegro, que en efeuto foi un mullereiro, un señor feudal, un home despótico, tivo momentos de hospitalidade, de xenerosidade, e aínda leva algo bon nas frebas do seu espírito que nun intre determinado pode arrepentirse. E, polo tanto, -- unha figura coa que podemos estar en desacordo, pero temos que reconocer ouxetivamente que este aristócrata, e probablemente a aristocracia rural galega daquela era así, tiña unha mezcla de hospitalidade, de despotismo, de razón e de sin razón, etc. Non era unha clase portadora enteiramente de negatividades. Os fillos, a xeneración última, vai ser a portadora das negatividades. Os fillos eran mullereiros coma o pai, despóticos coma o pai, pero endexamais se arrepentiron de nada, endexamais foron hospitalarios con ningún, endexamais foron xenerosos con naide. Sobre todo, o diñeiro volvíaos tolos. Cando aínda non deu as últimas boqueadas a sua nai, dama María, os cinco fillos, coma cinco lobos, bótanse derriba das alhaxas, derriba dos pendientes, dos collares, das cousas valiosas, das vaxillas, etc.etc. sin ningunha forma de

